



## EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 12 de marzo de 2018

Sras./Sres. Asistentes:

### **ALCALDE-PRESIDENTE**

D. ALBERTO VARELA PAZ

#### Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ

DONA SONIA OUTÓN CASAL

#### Lista de no Asistentes

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

### **SECRETARIA**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

### **INTERVENTORA**

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 12 de marzo de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 05/03/2018, que se aprobou por unanimidade.

### **Propuestas**

#### **ASUNTOS DE REXIME INTERIOR**

##### **PRP2018/1006**

Vista a proposta do Encargado do Servizo de Mantemento, Alumado Público e Auditorio, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Equipamentos Obreiro, SLU** para o subministro de pantalóns de traballo ao persoal do Servizo de Alumado Público e Mantemento, por un importe total de 75,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

##### **PRP2018/1008**

Dáse conta de escrito do Grupo Municipal do PP solicitando a adopción dunha serie de medidas para garantir a seguridade vial na Rúa Fontecarmoa, entre elas a instalación dun paso de peóns. (próximo ao nº 84)

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlles que a instalación nese lugar dun paso de peóns podería dar unha sensación de falsa seguridade, polo que non se considera axeitado, se ben estudárase a colocación de elementos redutores de velocidade, dado que no punto que indican cruzan moitos escolares.

Dar conta á Policía Local.

##### **PRP2018/1010**



Dáse conta de informe da Policía Local en relación a queixas veciñais e de usuarios sobre o insuficiente que resulta o espazo destinado a estacionamento de motocicletas, e no que indican que se poden establecer novas zonas de estacionamento. Nas illetas que delimiten zonas de estacionamento e aquelas anteriores aos pasos de peóns, deben poñerse 2 prazas en liña en cada unha delas, para que se garanta igualmente a visibilidade sobre os pasos de peóns.

En relación aos estacionamentos de bicicletas, o aconsellable é facelos nas zonas peonís.  
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2018/1011**

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Talleres Santiago Iglesias SL** para a reparación do vehículo matrícula 9994-BLV adscrito ao Servizo de Obras, por un importe total de 1.692,91 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/1013**

Vista a proposta do Encargado do Servizo de Mantemento, Alumado Público e Auditorio, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Escayolas del Lerez SL** para reposición de pezas de falso teito polo cambio de iluminación a LED, por un importe total de 1.006,24 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/1023**

Dáse conta do escrito presentado por D. Luis Ramón Rey Buezas, en representación de **AREVA Alcohólicos Rehabilitados de Vilagarcía de Arousa**, solicitando autorización para instalar unha carpa, 1 mesa e 6 cadeiras na Praza de Galicia o día 17 de marzo para o desenvolvemento da campaña sobre consecuencias negativas do consumo de alcohol.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2018/1025**



Dáse conta do recurso presentado por **Telefónica de España SAU** en relación co expediente PRP2018/233, relativo á retirada de tres cabinas telefónicas situadas, unha na Praza de Galicia (fachada ABANCA), e dúas na Avda. da Mariña (diante da Praza da Peixería e diante do Banco Santander), no que indican que o número de cabinas existentes no Municipio na actualidade se atopa no mínimo requirido pola lexislación vixente, polo que, non é posible a súa retirada.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda estimar o recurso presentado, comunicándolles que deberán substituír as 3 cabinas citadas por outras en perfecto estado e fixando unha situación máis adecuada, de acordo cos servizos técnicos municipais, de maneira que non prexudiquen a accesibilidade dos lugares nos que se atopan.

#### **PRP2018/1027**

Dáse conta do escrito presentado por D. José Luis Viso Fernández, Xefe da UD de Vilagarcía de Arousa da Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos, solicitando a ampliación do horario na reserva de estacionamento de vehículos ó servizo da citada actividade, na Rúa Ramón Otero Pedrayo nº 22, de 7:00 a 21:00 horas.

Visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao Solicitado, dado que a Ordenanza Municipal de Circulación, no Artigo 61, establece que “Atendendo a circunstancias de situación, actividade, proximidade doutras zonas reservadas ou frecuencia de uso, poderán establecerse variantes ao réxime xeral do horario.

Deberase proceder ao cambio do horario no sinal instalado.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Mario Vázquez).

#### **PRP2018/1029**

Dáse conta de informe da Policía Local en relación co deficiente funcionamento das comunicacións radiofónicas existentes nos servizos de Policía Local e Emerxencias. A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Manuel Magariños Moa** para asistencia técnica para a proposta e definición dunha solución de radiocomunicacións do Concello de Vilagarcía de Arousa, por un importe total de 3.509,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/1031**

Dáse conta do requirimento efectuado por **Augas de Galicia** en relación cun vertido de augas residuais ao dominio público marítimo-terrestre en Carril, no TM de Vilagarcía de Arousa, na Rúa Viqueira (Clave:DH.D36.61125).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora, e acorda comunicarlles que o verquido citado non obedece a atascos do saneamento, tal e como se aprecia no anexo fotográfico do informe de Augas de Galicia, onde se especifica que non se observan atoramentos, polo que parece mais ben un problema puntual causado pola choiva.

Polo exposto solicítase o arquivo do requirimento.

#### **PRP2018/1033**

Dáse conta do acordo de formalización de intencións entre a Fundación de los Ferrocarriles Españoles, F.S.P. e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a adhesión ao Sistema de



Centros Asociados ao Programa de Posta en Valor do Patrimonio Histórico Cultural Ferroviario.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado acordo, coa finalidade de que o Concello reciba material cedido pola Fundación para a súa exposición no Museo do Ferrocarril de Vilagarcía de Arousa.

#### **PRP2018/1035**

Dáse conta do escrito presentado por **Dona M<sup>a</sup> Dolores Pérez Rodríguez** solicitando a sinalización de prazas de estacionamento na Rúa Vista Alegre.

Visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a repartir o espazo en estacionamento en liña e sinalizar os vados existentes.

Dar conta a Policía Local e Servizo de Sinalización (Mario Vázquez)

#### **PRP2018/1038**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Silvia Covelo Cabaleiro, en representación de **CP Garaxes Os Duráns 7**, solicitando a instalación de bolardos disuasorios que delimiten o vado do edificio nº 7 da Rúa Os Duráns.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 65.4 da Ordenanza de Circulación acorda autorizarlle a instalación de fitos flexibles reflectores de cor verde, situados no límite entre o estacionamento permitido e o espazo autorizado para o vado, de modo que a distancia entre os fitos non supere a anchura autorizada.

Comunicaselle que será por conta da solicitante a instalación e mantemento dos fitos, debendo poñerse en contacto coa Policía Local antes da colocación dos mesmos.

#### **PRP2018/1039**

Dáse conta do escrito presentado polo Secretario do **IES Armando Cotarelo Valledor** solicitando unha nova praza de estacionamento para persoas con discapacidade enfrente do Centro.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda a sinalización dunha praza unida ao paso de peóns sobreelevado que conduce á entrada do recinto escolar, na marxe contraria ás dúas prazas xa existentes.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (D. Mario Vázquez).

#### **PRP2018/1067**

Dáse conta de escrito da **Delegación de Economía e Facenda de Pontevedra** en relación coa aceptación polo Concello do prezo de 16.380,00 €, para adquisición de terreo no Paseo Marítimo da Praia de Compostela e achegando a carta de pago para facer efectiva a garantía polo 5% do valor de taxación (65 m<sup>2</sup> balneario Praia Compostela).

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o importe da garantía e proceder ao aboamento da mesma, a favor da Delegación de Economía e Facenda de Pontevedra – Caixa Xeral de Depósitos, por un total de 819,00 €, con cargo á partida 1001.

#### **PRP2018/1068**

Dáse conta do escrito presentado por Dona M<sup>a</sup> Carmen Landeira Iglesias, Presidenta da **CP Torre San Cibrán 159 (CDFINCAS SL)** solicitando a reposición de sinal de limitación de paso a vehículos camións e de gran tonelaxe.



Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que sobre os terreos pesa unha servidume de paso, sendo polo tanto unha cuestión civil que deben resolver ante a Xurisdición ordinaria, se o consideran oportuno, non correspondendo ao Concello de Vilagarcía de Arousa a ordenación do tráfico en terreos privados que non están abertos ao uso público en xeral.

#### **PRP2018/1076**

Dáse conta do escrito presentado por **D. José Manuel Gomez Vilas**, para que se proceda ao repintado da sinalización horizontal nos vados permanentes situados na Avda. de Pontevedra nº 41.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que conforme ao disposto no punto 3, do Art. 64 da vixente Ordenanza de Circulación, corresponde a sinalización e mantemento dos vados permanentes ós adxudicatarios da licenza, procedendo unicamente a sinalizar o Concello cando se efectúa a sinalización completa de algunha rúa.

### **ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL**

#### **Benestar Social**

#### **PRP2018/1065**

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Ágora Aberta** para a realización do proxecto “Contigo, en Familia”, por importe de 14.410,00 €, con cargo á partida 231.22643, para o que está solicitada unha subvención á Deputación Provincial de Pontevedra por importe de 13.000,00 €. Prox. (3) 1/12/2018.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/1066**

Dáse conta do escrito enviado dende o Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega solicitando a colaboración do Concello no proxecto de investigación “Prácticas Lingüísticas na infancia nos diferentes contextos de socialización en Galicia” a través do servizo Conciliatardes.

Dáse conta da proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade indicando que a colaboración é extensible a outros servizos de educación no formal, e a análise incluírá:

- Entrevistas monitores e monitoras
- Observación participante
- Entrevista ás familias
- Entrevista ás/os concelleiros/as responsables de cada programa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

#### **Educación**

#### **PRP2018/1069**

Dáse conta da relación de premiados/as como mellores lectores/as-usuarios/as do servizo de préstamo a domicilio da Rede Municipal de Bibliotecas, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o orzamento presentado por **Espacio do Lector, S.L.** por importe de 407,10 € con cargo á partida 3321.48100, por un lote de libros adaptado ás distintas



idades dos rapaces premiados, facendo entrega dos premios o día 2 de abril de 2018, ás 17 horas, en conmemoración do “Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil”, nas dependencias da Biblioteca Municipal.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **Xuventude**

#### **PRP2018/1071**

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a solicitude de subvención ao abeiro das Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 (Liña 2) para a actividade Campamento de Verán + Formación Intensiva – Tecnoloxías Emerxentes 2018, polo 100% do orzamento da actividade, que ascende a 4.500 € (IVE exento).
- Aprobar o orzamento presentado por **Asociación Socioeducativa e Cultural O NÚCLEO** para a realización da actividade Campamento de Verán + Formación Intensiva – Tecnoloxías Emerxentes 2018, por un importe total de 4.500,00 € (IVE exento), con cargo á partida 2314.22624. Proxecto (3) Nº 01/14/2018.

#### **PRP2018/1072**

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dona Elisa Estévez Rodríguez** (Academia Elisa) para a realización dun curso de 24 horas, de “Decoración de Eventos Culturais”, por un importe total de 870,00 € con cargo á partida 2314.22624.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **ASUNTOS DE CULTURA**

#### **PRP2018/1077**

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a solicitude de subvención ao abeiro das Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 (Liña 2) para a actividade “Espectáculo Combate Naval Vilagarcía de Arousa 2018”.
- Aprobar o orzamento para a citada actividade, que ascende a 35.695,00 € (IVE incluído) con cargo á partida 338.22699. Proxecto (3) Nº 01/15/2018.
- Dar conta ao Departamento de contratación aos efectos da licitación do gasto polo procedemento Super-Simplificado, de conformidade coa Lei 9/2017.

#### **PRP2018/1078**

Vista a proposta da Concellería de Cultura a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases xunto cos premios, e a convocatoria do certame dos Maíos 2018 que se levarán a cabo o vindeiro 1 de maio no Parque Miguel Hernández ou en caso de chuvia na Praza da Peixería.

#### **PRP2018/1079**



Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a celebración dun concerto a cargo do grupo “Pablo Vidal Group”, no Salón de Actos do Auditorio Municipal o día 25 de maio de 2018, para presentar o seu CD Orixen, por un importe total de 2.541,00 € a favor de **D. Pablo Vidal Mendoza**, con cargo á partida 334.22609. Así mesmo será a cargo do Concello calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

#### **PRP2018/1080**

Vista a solicitude de D. José Artiaga Barreira, en representación de **Fundación Artiaga** e a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda a colaboración municipal para a celebración da actividade multidisciplinar MercArt do programa AAN que se vai a realizar na Praza da Peixería os días 6, 7 e 8 de abril, coa impresión de 50 carteis publicitarios.  
Dar conta á Área de Comunicación.

#### **PRP2018/1081**

Vista a solicitude de D. Alberto Penido Conde, en representación de **FREMAP Mutua Colaboradora con S.Social**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario do Auditorio Municipal, o día 19 de abril de 2018, en horario de 9:30 a 13:30 horas, para a celebración dunha xornada técnica gratuíta, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal. Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

#### **PRP2018/1082**

Vista a solicitude de D. José Luis Villanueva Vicente, Presidente da **Agrupación de Productores de Parques de Cultivo de Carril**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 23 de marzo de 2018, en horario de 19:30 a 21:45 horas, para a celebración dunha Asemblea Xeral de Socios, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal. Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.